

CICLOS
DE
CONCERTO
CURSO 25/26



C S M
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA



01 Sporting Club Casino

02 Museo de Belas Artes

03 Universidade da Coruña

04 Ciclo Propinas

05 Círculo de Artesanos

06 Palacio de Capitanía

Introducción

O Conservatorio Superior de Música da Coruña se enorgullece de presentar unha serie de ciclos de concertos que se desenvolverán en colaboración con diversas institucións culturais da cidade, ofrecendo así unha oportunidade única de interacción entre os estudantes e a contorna artística local. Estes ciclos contarán coa colaboración de entidades de prestixio como o Sporting Club Casino, Museo de Belas Artes de Coruña, a Universidade da Coruña, Círculo de Artesáns e o Palacio de Capitanía, espazos emblemáticos que se consolidan como puntos de referencia cultural na cidade.

As localizacións elixidas para estes concertos proporcionan escenarios únicos que enriquecen a experiencia formativa dos nosos estudantes. Estes espazos, cunha rica tradición cultural, ofrecerán tanto aos alumnos como aos profesores do conservatorio a posibilidade de rodar programas e compartir a súa arte cun público diverso e receptivo. Ao utilizar estes espazos, recoñecidos pola súa historia e o seu ambiente artístico, buscamos non só achegar aos nosos estudantes ao mundo profesional, senón tamén contribuír á difusión e o aprecio pola música clásica na sociedade. A colaboración con estas institucións e o uso destes espazos de renome permiten consolidar o noso labor educativo, ofrecendo experiencias profesionais que enriquecen tanto aos intérpretes como ao público. Esta programación é unha proposta aberta que se irá ampliando con novas datas e adaptacións segundo as propostas que xurdan dos departamentos ou da comunidade estudantil do centro.

1. Sporting Club Casino

O Sporting Club Casino da Coruña, fundado en 1890, é unha das institucións sociais e culturais máis antigas de Galicia, cunha rica traxectoria na promoción de actividades culturais e de entretemento para a sociedade coruñesa. Ao longo dos anos, mantivo unha destacada programación de concertos, consolidándose como un referente na oferta cultural da cidade e brindando un espazo para a difusión da música e a arte nas súas diferentes expresións.

Este ano, o Conservatorio Superior de Música da Coruña se enorgullece en celebrar o XI Ciclo de Intérpretes en colaboración co Sporting Club Casino. Este ciclo, asentado xa como unha cita anual esperada, representa unha magnífica oportunidade para que os estudantes do conservatorio presenten e desenvolvan o seu repertorio nunha contorna de concerto, caracterizado polo seu ambiente amable e coidado. Este ano contaremos con 15 concertos nas seguintes datas:

- 13 de novembro departamento de piano e guitarra
- 27 de novembro departamento de vento madeira
- 11 de decembro departamento de corda
- 18 de decembro departamento de canto e acordeón
- 29 de xaneiro departamento de cámara
- 5 de febreiro departamento de vento metal
- 26 de febreiro departamento de piano e guitarra
- 5 de marzo departamento de vento madeira
- 26 de marzo departamento de corda
- 16 de abril departamento de canto e acordeón
- 23 de abril departamento de cámara
- 7 de maio departamento de vento metal
- 28 de maio recital fin de estudos
- 11 de xuño recital fin de estudos
- 18 de xuño recital fin de estudos

[FORMULARIO DE INSCRICIÓN](#)



2. Museo Belas Artes

O Conservatorio Superior de Música da Coruña realizará unha serie de incursións musicais no Museo de Belas Artes da Coruña, ofrecendo un ciclo de seis concertos ao longo do ano. Esta proposta brindará a oportunidade de participación tanto ao alumnado como ao profesorado do conservatorio, nunha contorna que convida o diálogo entre a música e a arte visual. Os concertos teñen como obxectivo enriquecer a experiencia cultural dos visitantes do museo e fomentar o desenvolvemento artístico do alumnado, creando un espazo de conexión entre a música clásica e o patrimonio artístico. A duración dos mesmos non deberá superar 45 minutos.

- 14 de enero → Gañadoras do Concurso de Cámara
- 28 de enero → Departamento de Jazz e acordeón
- 4 de febrero → Departamentos de corda, arpa e guitarra
- 11 de febrero → Departamentos de vento madeira e metal
- 25 de febrero → Departamentos de canto e piano

[FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN](#)



3. Interferencias:

Ciclo de concertos nos espazos da Universidade da Coruña

No marco do convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e o Conservatorio Superior de Música da Coruña, preséntase unha nova edición do ciclo de concertos en espazos universitarios. Esta iniciativa ten como obxectivo fortalecer os lazos entre ambas as institucións e ofrecer á comunidade universitaria e á cidadanía unha programación musical diversa, na que a arquitectura, a acústica e a interpretación conflúan para crear experiencias únicas.

Os concertos desenvolveranse en tres espazos emblemáticos da universidade, cada un cun carácter propio que convida á exploración sonora e artística:

I. Reitorado da Universidade da Coruña

- Equipamento: Piano de cola e proxector.
- Formacións: Desde grandes ensembles ata solistas.
- Proposta: Repertorios variados que combinen música de cámara, ensembles de vento ou corda, e experimentación con soporte audiovisual.
- Datas: Tres concertos entre o 15 de marzo e o 15 de maio.
- Día da semana: Martes.
- O formulario estará aberto ata o 1 de marzo.

[FORMULARIO DE INSCRICIÓN](#)



Ciclo de concertos nos espazos da Universidade da Coruña

II. Espazo de Intervención Cultural NORMAL

- Características:
 - Tres salas dispoñibles: a sala principal con grada, a sala de proxecións e a sala de exposicións temporais, esta última empregable no caso de estar baleira ou con baixa ocupación.
 - Espazo aberto no que público e intérpretes comparten o mesmo nivel.
- Equipamento: Proxector; posibilidade de empregar un Clavinova (non se dispón de piano acústico).
- Formacións: Desde instrumentos solistas ata pequenas agrupacións de cámara.
- Duración de cada concerto: 45 minutos.
- Orientación: Espazo concebido para a participación de todos os departamentos do Conservatorio.
- Datas dispoñibles:
 - Primeiro cuatrimestre: do 19 de novembro ao 19 de decembro. O formulario estará aberto ata o 12 de novembro.
 - Segundo cuatrimestre: do 1 de marzo ao 15 de maio. O formulario estará aberto ata o 25 de febreiro.

Días da semana: Luns e xoves (posibilidade de valorar outras datas con antelación).

[FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN](#)



Ciclo de concertos nos espazos da Universidade da Coruña

III. Planetario da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas

- Características: Cúpula de proxección de 8 metros e capacidade para 30 asistentes.
- Experiencia: Concerto na escuridade, con iluminación focal no intérprete e luz de atril.
- Formacións: Solistas ou pequenos conxuntos de cámara.
- Acústica: Espazo polifónico que permite explorar a espacialización do son e a proxección acústica.
- Duración: Un pase por xornada, non superior a 45 minutos.
- Datas: Calquera luns ou xoves, excepto o xoves 10 de abril.
 - Primeiro cuadrimestre: do 19 de novembro ao 19 de decembro. O formulario estará aberto ata o 17 de novembro.
 - Segundo cuadrimestre: do 1 de marzo ao 15 de maio. O formulario estará aberto ata o 25 de febreiro.

[FORMULARIO DE INSCRICIÓN](#)



4. Ciclo Propinas

Como nas propinas dos concertos, aquí non haberá programa. Ti ou o teu grupo de cámara presentaredes a vosa obra ao rematar de tocala. Colle táboas co repertorio e co escenario!

Estas propostas de concertos están destinadas a ser autoxestionadas polo alumnado para que teñan un acercamento progresivo ao auditorio do noso centro.

- 18 E 25 NOVIEMBRE, DE 18:00 A 21:30
- 10 E 18 DICIEMBRE DE 19:00 A 22:00
- 15 XANEIRO DE 19:00 A 22:00
- 11 E 26 FEBREIRO DE 19:00 A 22:00
- 9 E 18 MARZO DE 19:00 A 22:00
- 16 E 29 DE ABRIL DE 19:00 A 22:00
- 7 MAIO DE 19:00 A 22:00



CICLO PROPINAS

Como nas propinas dos concertos, aquí non haberá programa. Ti ou o teu grupo de cámara presentaredes a vosa obra ao rematar de tocala. Colle táboas co repertorio e co escenario!

RODA O TEU PROGRAMA PREVIO A CONCERTOS!
Cada alumno pode optar a unha franxa de máximo 15 min. nun concerto que sucederá no centro periódicamente.

INSCRÍBETE AQUÍ:



5. Ciclo Círculo de Artesáns

A Sociedade Recreativa e Instructiva do Círculo de Artesanos, situada na rúa San Andrés 36, é un espazo emblemático da vida cultural coruñesa. Fundada no século XIX e establecida definitivamente na súa actual sede en 1895, mantivo dende entón unha intensa actividade artística, converténdose nun referente da vida social, literaria e musical da cidade. O edificio conserva o encanto das antigas sociedades culturais, con salóns e unha biblioteca que amosan o seu compromiso coa difusión das artes. Pola súa traxectoria, pola súa ubicación céntrica e pola atmosfera íntima que ofrece, o Círculo de Artesanos é un escenario perfecto para o novo ciclo de concertos do Conservatorio Superior de Música da Coruña, unindo tradición, prestixio e proximidade co público.

- 14 DE MARZO ÁS 19:30
- 21 DE MARZO ÁS 19:30
- 11 DE ABRIL ÁS 19:30
- 18 DE ABRIL ÁS 19:30

[FORMULARIO DE INSCRICIÓN](#)



6. Palacio de Capitanía

O concerto celebrarase no emblemático Palacio de Capitanía General da Coruña, situado na Praza da Constitución 5. Este edificio do século XVIII, cun elegante patio interior porticado, é un dos espazos máis representativos da cidade pola súa historia e arquitectura. A súa estrutura equilibrada e a acústica natural do patio convérteno nun escenario de gran impacto visual e sonoro, perfecto para acoller eventos musicais de carácter especial. Neste caso, o concerto está dirixido a formacións amplas, con numerosos estudantes, co obxectivo de aproveitar plenamente as dimensións e a presenza escénica deste espazo singular. Trátase dunha ocasión para que agrupacións con proxección poidan compartir o seu traballo nun marco que une patrimonio, arte e vida musical contemporánea.

- 16 DE ABRIL ÁS 19:30, HORARIO A DETERMINAR

[FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN](#)

